



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

PRODUTIVIDADE NA AEAT

Admitida a trámite a denuncia da CIG

Nos pasados días soupemos que a nosa denuncia sobre o reparto da produtividade na nosa Delegación Especial foi admitida a trámite polo xulgado. Tras intentar, infrutuosamente, por todos os medios existentes ao noso alcance, coñecer as resolucións e disposicións onde vén regulado o criterio do reparto da produtividade vímonos obrigados a presentar a correspondente denuncia ante os Tribunais de Xustiza.

Pois ben, nos pasados días soupemos que a nosa denuncia foi admitida a trámite no Xulgado Contencioso-Administrativo Nº1 da Coruña, e será a vista no vindeiro mes de xaneiro. Terán que ser os Tribunais os que determinen que temos dereito, como organización sindical máis representativa, a coñecer o xeito e os criterios de reparto da produtividade. Non é de recibo que ninguén poida explicarnos de onde veñen as contías a repartir por Delegacións nin os criterios establecidos para facer a asignación deste complemento.

Levamos moito tempo dirixindo escritos ao noso Delegado Especial, ao Director Xeral da AEAT..etc, pedindo esa información e non temos resposta...iixa está ben!!!. Non pode ser que haxa as diferencias que hai entre funcionarios que están a desenvolver exactamente o mesmo traballo e que un A1 cobre 30 veces máis produtividade que un Auxiliar Administrativo, iso, ademais de inxusto é inmoral. O descoñecemento dos motivos existentes á hora de decidir o reparto da produtividade coloca a todos os funcionarios nunha situación de indefensión que debería terse en conta polos tribunais, pero xa veremos qué resollen ao respecto...

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM